Dito importe procede dos fondos "Next Generation" da Unión Europea, e ten como destino a construción do Centro de recepción de visitantes nas edificacións da Praza da Igrexa, no marco do "Plan de sostibilidade turística do destino Vigo" aprobado pola XGL o 17 de setembro de 2021.

O capítulo VII, no total do orzamento, representa un 8,05%.

Capítulo VIII. Activos financeiros

Inclúe as devolucións dos préstamos concedidos ao persoal propio da Xerencia: 32.000 euros que supoñen o 0,36% do orzamento total. Mantense as previsións idénticas ás do exercicio anterior.

No lugar e data da sinatura electrónica

Juan González Ramírez, xefe dos Servizos Centrais da XMU





Concello de Vigo

**ORZAMENTO O.A. "XERENCIA MUNICIPAL
DE URBANISMO DE VIGO 2023"**

Expediente nº 14817/407

PROPUESTA:

De conformidade co preceptuado polo artigo 168 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo), a Xerencia Municipal de Urbanismo como Organismo Autónomo adscrito ao Concello de Vigo, presenta ao Consello da Xerencia, a aprobación do seu Orzamento.

Redactouse este Orzamento seguindo o previsto polos artigos 162 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contendo a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poden recoñecer este Organismo Autónomo e os dereitos que se prevén liquidar durante o exercicio 2023.

De conformidade co artigo 165 do Real Decreto Legislativo 2/2004, o Orzamento está integrado por:

- a) Os estados de gastos, nos que se inclúen, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ó cumprimento das obrigas.
- b) Os estados de ingresos, nos que figuraran as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.

Así mesmo, inclúense as bases de execución, que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias deste Organismo, sen prexuízo da aplicación das bases xerais do Concello.

Conforme co artigo 168.1 e 2 do propio Real Decreto Legislativo 2/2004, ó Orzamento do Organismo Autónomo únese a seguinte documentación:

- 1) Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente.
- 2) Liquidación do presuposto do exercicio e avance da do corrente, referida, polo menos, a seis meses do exercicio corrente.
- 3) Anexo de persoal da Entidade Local.





Concello de Vigo

**ORZAMENTO O.A. "XERENCIA MUNICIPAL
DE URBANISMO DE VIGO 2023"**

Expediente nº 14817/407

- 4) Anexo dos investimentos a realizar no exercicio.
- 5) Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos da Xerencia.
- 6) Un informe económico-financeiro, no que se expoñen as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

Contido salientable.

O importe total do Orzamento da Xerencia para 2022 é de 8.885.748,43 euros, deixando de incluír no capítulo VI do Estado de Gastos os investimentos a financiar co remanente líquido de tesourería e cos recursos obtidos polo alleamento de bens do PMS, tanto os producidos en exercicios anteriores e non aplicados a gastos determinados como aqueles que se poidan producir en 2023. Nestes casos tramitarase o correspondente modificación orzamentaria. Tamén serán obxecto de incorporación os remanentes de crédito non executados a 31 de decembro de 2022 e que suporán un forte aumento nas consignacións dos capítulos VI de Investimentos e VII de Subvencións de capital, especialmente as destinadas ás axudas do Programa de Rexeneración e Renovación Urbana do Plan Estatal de Vivenda, que permitirán o financiamento de obras de particulares en vivendas situadas nas Áreas de Rehabilitación Integral de Vigo e nos Entornos Residenciais de Rehabilitación Programada (ERRP) que se podan declarar.

A pesar da diminución dalgunhas partidas, os gastos correntes increméntanse un 3% no capítulo II como consecuencia dos incrementos de custos de persoal que repercuten as empresas adxudicatarias de servizos externalizados e co fin de dar cobertura a xestión das Oficinas de redacción do PXOM e de xestión das axudas de rehabilitación.

O capítulo I de gastos de persoal recolle a previsión dun incremento salarial do 3% para o exercicio 2022.

Consígnanse créditos, igual que os exercicios anteriores, para posibilitar a concesión de axudas para comunidades de propietarios que executen obras de



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo
EXPEDIENTE 14817_407

Data impresión: 23/09/2022 14:05

Páxina 2 de 3

CSV: 2H81B6-AFCC4A-2EAA44-YGBFD2-5JTBW6-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

**ORZAMENTO O.A. "XERENCIA MUNICIPAL
DE URBANISMO DE VIGO 2023"**

Expediente nº 14817/407

mellora na accesibilidade dos edificios antigos e para colaborar no financiamento da iluminación de edificios históricos.

Todos estes gastos financiaranse de acordo cunhas previsións de ingresos que globalmente se incrementan un 4,04%, polo maior financiamento externo que se pretende acadar.

Existe suficiencia financeira para asumir os custos deste Organismo Autónomo no ano 2023, de tal forma que existe cobertura orzamentaria de todos os contratos vixentes, de todos os compromisos de gastos adquiridos e dos gastos proxectados.

Proposta.

En conclusión, propónse ao Consello da Xerencia (competente de acordo co artigo 10º.1.h) dos vixentes Estatutos deste Organismo Autónomo) que eleve á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

"Propoñer ao Pleno do Concello a aprobación, como parte do seu Orzamento Xeral, do Orzamento do Organismo Autónomo "Xerencia Municipal de Urbanismo" para o exercicio 2023, que ascende ó importe de 8.885.748,43 euros".

Vigo, na data da sinatura electrónica

Carlos Hernández Figueruelo, XERENTE

CONFORME: María José Caride Estévez, VICEPRESIDENTE



INTERVENCIÓN
XERAL

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: Orzamento do Organismo Autónomo Local Xerencia de Urbanismo para o ano 2023.

Examinado o proxecto de orzamento do Organismo Autónomo Local Xerencia de Urbanismo (en diante XMU) para o ano 2023, de conformidade co establecido no artigo 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o 18.4 do R.D. 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o TRLRFL en materia presupostaria, esta Intervención, en uso das facultades conferidas no artigo 4.1 b) 2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, procede a emitir o seguinte

INFORME:

1.- Lexislación aplicable:

Lexislación específica de Réxime Local:

- Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo (en diante, TRLRFL), e Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei Reguladora das Facendas Locais (RP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (en diante, LRBRL).
- Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.
- Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (en diante, LOEOSF), e Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais.
- Ley 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante, LPAC)
- Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.
- Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional (artigo 4.1 b)).
- Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.

2.- Concepto:

As Entidades Locais están obrigadas a elaborar e aprobar anualmente un orzamento único que



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo
EXPEDIENTE 14817_407

Data impresión: 23/09/2022 14:06 Páxina 1 de 9
CSV: 298DBE-ABC54E-2CAD5A-Y7X1X5-A3HE8Z-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

INTERVENCIÓN
XERAL

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



constitúe a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigacións que, como máximo, poden recoñecer a Entidade e os seus Organismos Autónomos, dos dereitos que prevexan liquidar durante o correspondente exercicio, así como das previsións de ingresos e gastos das sociedades mercantís de capital integramente local.

3.- Contido:

O orzamento xeral da Entidade Local estará integrado por:

a) O orzamento da propia Entidade.

b) Os dos Organismos Autónomos dependentes da mesma.

c) Os estados de previsión de gastos e ingresos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade local.

En cumprimento do disposto no artigo 165 do TRLRFL, o orzamento da XMU, integrante do orzamento xeral, contén:

- Os estados de gastos, nos que se inclúen, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigas.
- Os estados de ingresos, nos que figuran as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.
- As bases de execución dos orzamentos, específicas para a XMU, sendo de aplicación as do Concello para o non previsto nestas.

4.- Anexos e documentación complementaria.

Ao proxecto de orzamento da XMU acompañanse os seguintes anexos e documentación complementaria, de conformidade co disposto nos arts. 166.1 e 168 do TRLRFL:

- Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presenta en relación co vixente.
- Resumo da liquidación do orzamento do exercicio 2021.
- Avance da liquidación do orzamento do exercicio 2022, referida, polo menos, a seis meses do exercicio, así como estimación da liquidación do citado orzamento referida a 31 de decembro.
- Anexo de persoal, no que se relacionan e valoran os postos de traballo existentes, tanto os reservados a funcionarios como a persoal laboral e eventual, dándose a oportuna correlación coas dotacións económicas incluídas no capítulo 1 do orzamento de gastos.
- Anexo dos investimentos a realizar no exercicio, debidamente codificado conforme ao artigo 19 do RP.
- Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos.
- Un informe económico-financeiro, no que se expoñen as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo
EXPEDIENTE 14817_407

Data impresión: 23/09/2022 14:06

Páxina 2 de 9

CSV: 298DBE-ABC54E-2CAD5A-Y7X1X5-A3HE8Z-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

INTERVENCIÓN
XERAL

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



5.- Estrutura orzamentaria.

O proxecto de orzamentos da XMU estrutúrase de acordo coas clasificacións establecidas na Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, ditada en cumprimento do disposto no artigo 167 do TRLRFL.

6.- Prazo de presentación.

O expediente incoado para a aprobación do Proxecto de Orzamento da XMU para o ano 2023 tramitase incumprindo os prazos establecidos no apartado 2º do artigo 168 do TRLRFL, que dispón que o orzamento de cada un dos organismos autónomos integrantes do xeral, proposto inicialmente polo órgano competente daqueles, será remitido á Entidade Local da que dependan antes do 15 de setembro de cada ano.

No entanto, hai que ter en conta que, de acordo cos apartados 2 e 3 do artigo 48 da LPAC¹, a propia presunción de validez e o principio antiformalista co que debe conectarse neste punto, obrigan a non poñer a forma por encima doutros valores como a eficacia ou a garantía de dereitos. É dicir, a rigorosidade na tramitación e cumprimento dos prazos debe así flexibilizarse nos supostos nos que, de acordo con devanditos valores, perda o seu sentido, como é o caso que nos ocupa. Por iso é polo que, aínda que a anulabilidade sexa a regra xeral, non poida afirmarse que calquera defecto do acto determine a súa invalidez, polo que podemos concluir que nos atopamos ante unha irregularidade non invalidante.

7.- Equilibrio e nivelación orzamentaria.

a) Equilibrio orzamentario do art. 165.4 do TRLRFL.

O equilibrio orzamentario é interpretado xenéricamente como a búsqueda de nivelación ou equivalencia entre a totalidade de ingresos e gastos incluídos no orzamento, de forma que os créditos inicialmente aprobados non poderán ser superiores ás previsións de ingresos inicialmente efectuadas.

No ámbito local, así aparece recollido nos artigos 165.4 do TRLRFL e 16 do RP ao dispoñer que cada un dos orzamentos que se integran no orzamento xeral deberá aprobarse sen déficit inicial, isto é, que os ingresos totais previstos deben ser iguais ou superiores aos gastos totais previstos.

1 O artigo 48 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPAC, nos seus apartados 2 e 3, ao igual que establecía o artigo 63 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, dispón o seguinte:

“2. No obstante, el defecto de forma sólo determinará la anulabilidad cuando el acto carezca de los requisitos formales indispensables para alcanzar su fin o dé lugar a la indefensión de los interesados.

3. La realización de actuaciones administrativas fuera del tiempo establecido para ellas sólo implicará la anulabilidad del acto cuando así lo imponga la naturaleza del término o plazo”.



**INTERVENCIÓN
XERAL**

**XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



Neste sentido, o orzamento da XMU aparece formalmente nivelado nos seus importes de ingresos e gastos, polo que non presenta déficit inicial, dando cumprimento deste xeito ao disposto nos artigos 165.4 da TRLRFL e 16 do RP.

Estado de gastos	8.885.748,43
Estado de ingresos	8.885.748,43
Déficit / superávit inicial	0,00

b) Déficit ou superávit por operacións correntes.

O artigo 5 da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, dispón que a clasificación económica dos gastos agrupará os créditos por capítulos separando as operacións correntes (capítulos 1 a 4), as de capital (capítulos 6 e 7) e as financeiras (capítulos 8 e 9) de acordo coa estrutura que se detalla no anexo III da mesma.

Pola súa beira, o artigo 9 da citada Orde establece que as previsións incluídas nos estados de ingresos do orzamento da entidade local clasificaranse separando as operacións correntes (capítulos 1 a 5), as de capital (capítulos 6 e 7) e as financeiras (capítulos 8 e 9), de acordo coa estrutura se detalla no anexo IV desta orde.

Seguindo esta clasificación, o proxecto de orzamento para o ano 2023 presenta o seguinte desglose:

PREVISIÓNS DE INGRESO POR OPERACIÓNS CORRENTES	8.138.285,85
CRÉDITOS DE GASTO POR OPERACIÓNS CORRENTES	7.667.285,85
SUPERÁVIT POR OPERACIÓNS CORRENTES	471.000,00

Polo tanto o Proxecto de Orzamento da XMU preséntase nivelado e con superávit corrente suficiente para financiar os gastos de capital non financeiros (capítulos 6 e 7 do orzamento de gastos).

8.- Bases de execución dos orzamentos.

Examinadas as Bases de Execución do Orzamento específicas da XMU para o exercicio 2023, non se aprecian incumprimentos da normativa vixente en materia orzamentaria nin económico-financiera, entendendo que o seu contido e finalidade axústanse ao establecido na normativa reguladora das facendas locais.

En particular, a base 6ª das citadas inclúe a relación expresa e taxativa dos créditos ampliables, con detalle dos recursos afectados:



**INTERVENCIÓN
XERAL**

**XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



Crédito ampliable / Aplicación	Recurso afectado / Concepto
1510.2279905 "Execucións subsidiarias"	39902 "Execucións subsidiarias"
1510.2279907 "Oficina de rehabilitación"	45100 "Transferencia oficina rehabilitación"

A contía da ampliación será como máximo polo importe que supere a recadación neta sobre as previsións orzamentarias, sendo as previsións iniciais de 100.000,00 euros e 189.400,00 euros respectivamente.

A mesma base 6ª establece que o crédito da partida 1510.6220000 "Investimentos edificios Praza da Igrexa" está afectado á resolución da concesión da correspondente subvención dos fondos europeos e vinculado, polo tanto, o ingreso previsto no concepto 79700 "Transferencia fondos da Unión Europea".

9.- Gastos de persoal.

No capítulo I do orzamento de gastos figuran as retribucións e o custo de seguridade social do persoal directivo e do persoal propio da Xerencia Municipal de Urbanismo. Asemade inclúese a dotación para contratos laborais temporais, produtividade, gratificacións, formación e fondo social, entre outros aspectos.

O importe total dos créditos incluídos no Anexo de persoal é coincidente co importe total consignado nas correspondentes aplicacións do capítulo 1º do estado de gastos, cuxas dotacións recollen remuneracións unicamente polos conceptos retributivos establecidos na normativa de función pública.

As dotacións incluídas no capítulo I do estado de gastos incrementáanse un 3,03% con respecto ao exercicio 2022. Reflicte a previsión dun incremento salarial aplicable ao persoal municipal no exercicio 2023 do 3%.

As retribucións dos funcionarios consignadas no proxecto de orzamentos e documentación anexa, axústanse na súa contía e distribución, no que se refire ao soldo, trienios, pagas extraordinarias e complemento de destino, ao establecido na Lei de Orzamentos Xerais do Estado, de conformidade co disposto nos artigos 2 e 3 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.

No capítulo I "Gastos de Persoal" tamén se inclúen, entre outros, os créditos necesarios para atender os gastos por achegas aos plans de pensións do persoal dependente da XMU, así como a contía necesaria para o pago do "Fondo Social" aos traballadores.

En definitiva, os créditos asignados ás aplicacións orzamentarias do capítulo 1º do estado de gastos estímase suficientes, globalmente considerados, para atender todas as retribucións fixas e variables a satisfacer pola XMU ao persoal que presta os seus servizos neles, os gastos por cotizacións obrigatorias aos distintos réximes de Seguridade Social, as prestacións sociais así como os gastos de natureza social realizados en cumprimento de acordos e disposicións vixentes.



INTERVENCIÓN
XERAL

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



10.- Gastos en bens correntes e servizos.

Segundo consta no informe económico-financieiro, no capítulo II prevense os gastos para o funcionamento dos servizos de natureza corrente (arrendamentos, mantementos e conservación, material ordinario non inventariable, comunicacións, limpeza, seguridade, asistencias técnicas e outros contratos de servizos), así como as axudas de custos dos cargos directivos e de persoal. Consígnase o crédito dos contratos de limpeza do edificio da Xerencia, de seguridade e vixilancia, de mantemento da calefacción, dos ascensores e de copiadoras e do servizo da Oficina Municipal de Rehabilitación. Existe pois consignación suficiente para garantir o funcionamento normal da Xerencia de Urbanismo.

Para maior detalle e explicación remítome ao contido do informe económico-financieiro que obra no expediente.

11.- Investimentos.

Neste capítulo inclúense os créditos necesarios para financiar os proxectos previstos no anexo de investimentos incorporado ao expediente que se financian con recursos propios do exercicio. Isto é, a totalidade das operacións de capital non financeiro do exercicio fináncianse co superávit corrente ordinario ou aforro bruto do exercicio.

Lémbrese que o produto da monetización do PMS obtido en exercicios anteriores ao 2022, como consecuencia do alleamento dos bens que o integran, constitúe un recurso afectado ao cumprimento das finalidades impostas pola lexislación urbanística², polo que ao tratarse de ingresos que deben destinarse a financiar gastos orzamentarios específicos e determinados, deben de ser obxecto dun adecuado control e seguimento contable de modo que os remanentes dos créditos para investimentos financiados con cargo a ditos recursos deben obrigatoriamente incorporarse ao Orzamento do exercicio 2023 mediante a tramitación da oportuna modificación orzamentaria.

2 O artigo 134 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia, establece que os bens do patrimonio público do chan deben ser destinados a algún dos seguintes fins:

- Construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública.
- Actuacións públicas de interese social e as vinculadas á propia planificación e xestión urbanística, en especial ao pago en especie, mediante permuta, dos terreos destinados a sistemas xerais e locais de dotacións públicas, ou a gastos de recollo e retorno e pago de indemnizacións ou justiprecios por actuacións urbanísticas.
- Conservación e mellora do medio ambiente, do medio rural e do patrimonio cultural construído.
- Creación de chan para o exercicio de actividades empresariais compatibles co desenvolvemento sustentable.
- Conservación, xestión e ampliación do propio patrimonio público do chan.
- Aqueloutras finalidades previstas na lexislación vixente.



INTERVENCIÓN
XERAL

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



12.- Resumo por capítulos

	2022	2023	Variación 2023 / 2022	% s/ total
Capítulo 1	5.691.518,03	5.864.251,36	3,03 %	66,00 %
Capítulo 2	1.749.477,82	1.803.034,49	3,06 %	20,29 %
Gastos correntes	7.440.995,85	7.667.285,85	3,04 %	86,29 %
Capítulo 6	998.000,00	1.116.462,58	11,87 %	12,56 %
Capítulo 7	70.000,00	70.000,00	0,00%	0,79 %
Gastos capital non financeiros	1.068.000,00	1.186.462,58	11,09 %	13,35 %
Capítulo 8	32.000,00	32.000,00	0,00 %	0,36 %
Gastos por operac. financeiras	32.000,00	32.000,00	0,00 %	0,36 %
TOTAL	8.540.995,85	8.885.748,43	4,04 %	100,00 %

13.- Orzamento de ingresos.

No que se refire ás previsións de ingresos, compre salientar os aspectos seguintes:

No capítulo III ("Taxas e outros ingresos") as contías non varían respecto do consignado no exercicio anterior, estimándose o importe total no citado capítulo (1.665.380,85 euros), congruente, no seu conxunto, cos datos que constan no avance de liquidación incorporado ao expediente.

No capítulo IV ("Transferencias correntes") consígnase a achega da entidade matriz á XMU para contribuir aos gastos de funcionamento do organismo por importe de 5.829.965,00 euros, que non varía respecto do exercicio anterior. O importe desta achega representa un 71,63% dos ingresos totais por operacións correntes da entidade, o que reflicte un elevado nivel de dependencia económica do Concello de Vigo.

Tamén, conforme ao previsto no informe económico-financieiro, neste capítulo actualízanse as achegas da Xunta de Galicia para o financiamento do PXOM e da Oficina de Rehabilitación. A primeira, que non aparecía no exercicio anterior, acada un importe de 452.540,00 euros, e a segunda increméntase un 16,45% ata os 189.400,00 euros, de acordo coas previsións que contemplan o incremento dos ámbitos de actuación.

No capítulo VI ("Alleamento de investimentos reais") non se prevé importe algún xa que non está previsto o alleamento de bens integrantes do PMS ao longo do exercicio.

No capítulo VII mantense o concepto creado no exercicio anterior, procedente dos fondos "Next Generation" da Unión Europea cunha previsión que diminúe lixeiramente, acadando a contía de



**INTERVENCIÓN
XERAL**

**XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO**

**CONCELLO
DE VIGO**



715.462,58 euros. Ten como destino a construción do Centro de recepción de visitantes nas edificacións da Praza da igrexa, recollido no capítulo 6 do orzamento de gastos.

Resumo por capítulos.

	2022	2023	Variación 2023 / 2022	% s/ total
Capítulo 3	1.665.380,85	1.665.380,85	0,00 %	18,74 %
Capítulo 4	5.992.615,00	6.471.905,00	8,00 %	72,84 %
Capítulo 5	1.000,00	1.000,00	0,00 %	0,01 %
Ingresos correntes	7.658.995,85	8.138.285,85	6,25 %	91,59 %
Capítulo 6	0,00	0,00	0,00 %	0,00 %
Capítulo 7	850.000,00	715.462,58	-15,83%	8,05%
Ing. De capital non financeiros	850.000,00	715.462,58	-15,83 %	8,05 %
Capítulo 8	32.000,00	32.000,00	0,00 %	0,36 %
Ingresos por operac. financeiras	32.000,00	32.000,00	0,00 %	0,36 %
TOTAL	8.540.995,85	8.885.748,43	4,04 %	100,00 %

14.- Tramitación e aprobación.

O orzamento será proposto inicialmente polo órgano competente do Organismo Autónomo, que segundo os seus Estatutos é o Consello Reitor e remitirase á Entidade Local da que depende, acompañado de toda a documentación necesaria. Sobre a base destes e dos demais orzamentos de Organismos e sociedades dependentes, formarase o orzamento xeral que, acompañado polos Anexos e demais documentación e, debidamente informado e ditaminado pola Comisión correspondente, remitirase ao Pleno da Corporación para a súa aprobación, emenda ou devolución, en acto único, en cumprimento do previsto no artigo 168.4 e 5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 33.2 c) da vixente Lei 7/85, Reguladora das Bases de réxime Local.

O orzamento xeral, debidamente aprobado (aprobación inicial, anuncio en BOP, exposición ao público por 15 días hábiles e, no seu caso, resolución de reclamacións), entrará en vigor no exercicio 2023, unha vez publicado no BOP, resumido por capítulos, de cada un dos que o integran. Simultaneamente, remitirase copia á Administración do Estado e á correspondente Comunidade Autónoma.

Desde entón todos os créditos do Estado de gastos, atoparanse na situación de dispoñibles.

Con todo, os créditos orzamentarios consignados afectados á concesión de subvencións, terán a súa dispoñibilidade condicionada á existencia de documentación que acredite o compromiso firme



INTERVENCIÓN
XERAL

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



de achega.

15.- Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos realizaranse nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea. Entenderase cumprido o obxectivo cando os orzamentos iniciais consolidados alcancen, en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, o obxectivo de equilibrio ou superávit estrutural.

Por mandato legal, art. 16.2 do RD 1463/2007 de 2 de novembro que aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, na súa aplicación ás EELL, a intervención local elevará a Pleno informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da entidade local, dos seus organismos e entidades dependentes. O informe referido é independente e emítese con carácter previo ao acordo do órgano competente para a aprobación do orzamento.

A observancia do cumprimento realízase entre outros momentos, na aprobación do orzamento, (art. 4.1 RD 1463/2007) e, a súa consecución debe examinarse a nivel de estados consolidados, polo que se remite á análise que se realice no expediente de Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2023.

Conclusións.

Por canto antecede, esta Intervención emite o presente informe preceptivo favorable ao proxecto do Orzamento do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo para o exercicio 2023 ao amparo do disposto no artigo 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o 18.4 do R.D. 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve a LFL en materia orzamentaria.

No lugar e data da sinatura dixital
O INTERVENTOR XERAL,
Asdo. Alberto Escariz Couso



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo
EXPEDIENTE 14817_407

Data impresión: 23/09/2022 14:06

Páxina 9 de 9

CSV: 298DBE-ABC54E-2CAD5A-Y7X1X5-A3HE8Z-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO

CERTIFICO: Que o Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, en sesión extraordinaria do día 28/09/2022 acordou:

2. ORZAMENTO 2023 DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. EXPTE. 14817/407.

Antecedentes:

O 23/09/2022 o xerente de Urbanismo, co conforme da vicepresidenta da XMU, emite a seguinte proposta:

“De conformidade co preceptuado polo artigo 168 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo), a Xerencia Municipal de Urbanismo como Organismo Autónomo adscrito ao Concello de Vigo, presenta ao Consello da Xerencia, a aprobación do seu Orzamento.

Redactouse este Orzamento seguindo o previsto polos artigos 162 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contendo a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poden recoñecer este Organismo Autónomo e os dereitos que se prevén liquidar durante o exercicio 2023.

De conformidade co artigo 165 do Real Decreto Legislativo 2/2004, o Orzamento está integrado por:

- a) Os estados de gastos, nos que se inclúen, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ó cumprimento das obrigas.
- b) Os estados de ingresos, nos que figuraran as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.

Así mesmo, inclúense as bases de execución, que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias deste Organismo, sen prexuízo da aplicación das bases xerais do Concello.

Conforme co artigo 168.1 e 2 do propio Real Decreto Legislativo 2/2004, ó Orzamento do Organismo Autónomo únese a seguinte documentación:

- 1) Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente.
- 2) Liquidación do presuposto do exercicio e avance da do corrente, referida, polo menos, a seis meses do exercicio corrente.
- 3) Anexo de persoal da Entidade Local.
- 4) Anexo dos investimentos a realizar no exercicio.
- 5) Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos da Xerencia.



SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



6) Un informe económico-financieiro, no que se expoñen as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

CONTIDO SALIENTABLE.

O importe total do Orzamento da Xerencia para 2022 é de 8.885.748,43 euros, deixando de incluír no capítulo VI do Estado de Gastos os investimentos a financiar co remanente líquido de tesourería e cos recursos obtidos polo alleamento de bens do PMS, tanto os producidos en exercicios anteriores e non aplicados a gastos determinados como aqueles que se poidan producir en 2023. Nestes casos tramitárase o correspondente modificación orzamentaria. Tamén serán obxecto de incorporación os remanentes de crédito non executados a 31 de decembro de 2022 e que suporán un forte aumento nas consignacións dos capítulos VI de Investimentos e VII de Subvencións de capital, especialmente as destinadas ás axudas do Programa de Rexeneración e Renovación Urbana do Plan Estatal de Vivenda, que permitirán o financiamento de obras de particulares en vivendas situadas nas Áreas de Rehabilitación Integral de Vigo e nos Entornos Residenciais de Rehabilitación Programada (ERRP) que se podan declarar.

A pesar da diminución dalgunhas partidas, os gastos correntes increméntanse un 3% no capítulo II como consecuencia dos incrementos de custos de persoal que repercuten as empresas adxudicatarias de servizos externalizados e co fin de dar cobertura á xestión das Oficinas de redacción do PXOM e de xestión das axudas de rehabilitación.

O capítulo I de gastos de persoal recolle a previsión dun incremento salarial do 3% para o exercicio 2022.

Consígnanse créditos, igual que os exercicios anteriores, para posibilitar a concesión de axudas para comunidades de propietarios que executen obras de mellora na accesibilidade dos edificios antigos e para colaborar no financiamento da iluminación de edificios históricos.

Todos estes gastos financiaranse de acordo cunhas previsións de ingresos que globalmente se incrementan un 4,04%, polo maior financiamento externo que se pretende acadar.

Existe suficiencia financeira para asumir os custos deste Organismo Autónomo no ano 2023, de tal forma que existe cobertura orzamentaria de todos os contratos vixentes, de todos os compromisos de gastos adquiridos e dos gastos proxectados.

PROPOSTA.

En conclusión, propónse ao Consello da Xerencia (competente de acordo co artigo 10º.1.h) dos vixentes Estatutos deste Organismo Autónomo) que eleve á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Propoñer ao Pleno do Concello a aprobación, como parte do seu Orzamento Xeral, do Orzamento do Organismo Autónomo “Xerencia Municipal de Urbanismo” para o exercicio 2023, que ascende ao importe de 8.885.748,43 euros.”

Votación:

EN CONTRA: 1 voto do concelleiro non adscrito Sr. Pérez Iglesias.

ABSTENCIÓNS: 2 abstencións: 1 do PP: Sra. Bartolomé Tocino e 1 do Grupo Mixto: Sr. Pérez Correa.



SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMOCONCELLO
DE VIGO

A FAVOR: 7 votos do PSOE: Sres. Rodríguez Díaz, Espinosa Mangana, Mejías Sacaluga, Caride Estévez, Aneiros Pereira, Fernández Pérez e López Font.

Acordo:

O Consello, conforme ao cómputo de votos establecido na sesión constitutiva de data 11/07/2019, acorda elevar o presente expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente de orde e co visto e prace da Sra. vicepresidenta da Xerencia de Urbanismo, coa salvedade indicada no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (RD.2568/1986), en Vigo no día da sinatura dixital.

tr/

Vº e Pº.

A vicepresidenta da XMU
María José Caride Estévez



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo
EXPEDIENTE 14817_407

Data impresión: 30/09/2022 13:42

Páxina 3 de 3

CSV: 2H8FB2-A8EE86-D1AFDC-TZNPXZ-TCWN8E-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>